

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dúas prazas de operario de limpeza como persoal laboral fixo mediante concurso incluídas na OEP do Concello de Oroso extraordinaria de 2022 (Estabilización)

ANUNCIO.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000012

Con data de 18.11.2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 1659/2024 co seguinte contido:

“LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05 procedeuse a aprobar a oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego e que esta foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que entre outras se recollía a seguinte praza:

PERSOAL LABORAL

Grupo	Denominación	Vacantes	Nivel de titulación	Forma de provisión	Quenda	Código RPT
V	Operario de limpeza	2	Estudios primarios.	Concurso	Estabilización	05.02.02 05.02.03

LOGO DE VER que medinte resolución de Alcaldía nº 1783/2022 do 22/12 se procederon a aprobar a convocatoria e as bases de selección de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público

LOGO DE VER que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 28 de decembro de 2022 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio da convocatoria no DOG nº 57 do 22/03/2023 e no BOE nº 162 do 05/07/2024

LOGO DE VER que transcorrido o prazo para a presentación de instancias, ditouse resolución desta Alcaldía nº 1496/2024 do 23/10 de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no citado proceso de selección, nomeamento de tribunal e sinalamento do día e hora de realización da primeira sesión, concedendo un prazo de dez días naturais para a presentación de alegacións ou subsanacións de deficiencias polos aspirantes.

LOGO DE VER que a citada resolución foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 209 do 29/10/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso.

Transcorrido o prazo para a presentación de instancias por todas aquelas persoas interesadas en participar no presente proceso de selección e revisadas as mesmas, de conformidade co previsto na base cuarta e quinta e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza de OPERARIO DE LIMPEZA dentro do proceso de estabilización conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público:

Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	Cebreiro Rey	Miguel	***1722**	SI
2	Fernández Vázquez	Ricardo	***6408**	SI
3	Jimenez López	María Encarnación	***4775**	NON
4	Noya Fernández	Jaime	***6404**	SI
5	Pazos Torreiro	María Concepción	***6410**	SI

Excluídos:

Ningún.

Segundo: Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

O que se publica para xeral coñecemento.

En Oroso, 19 de novembro de 2024

O alcalde.

Alexander Doval Expósito.

2024/8256